

A Consellaría de Educación ten regulados os **centros de especial dificultade** desde o ano 1990. No ano 2010, publicouse a Orde do 18 de outubro de 2010, (DOG 28/10/2010) na que, despois de recoñecer que as condicións de traballo se viran substancialmente modificadas desde a primeira orde, se fixaban novamente os criterios para recoñecer nun centro ou nun posto o carácter de especial dificultade. Ao tempo publicábase unha relación deses centros como anexo á orde. Con posterioridade publicouse o 19 de novembro unha corrección de erros á Orde, achegando novos centros que inicialmente non aparecían citados.

Desde a publicación da Orde do 18 de outubro de 2010 houbo cambios en centros docentes que implicarían, tendo en conta a redacción do seu artigo primeiro, a inclusión nos centros que deben ser considerados de difícil desempeño, ben porque se teñan creado aulas específicas de educación especial en centros ordinarios ou ben porque, debido á supresión de unidades, haxa centros que pasaron a ser escolas unitarias.

O feito de que non se teñan efectivizado eses cambios supón un agravio para o profesorado que ten o seu destino neses centros, ao non teren recoñecida a puntuación correspondente no concurso xeral de traslados.

Por tanto, desde a **CIG-Ensino** solicitamos que se modifique a Orde do 18 de outubro de 2010 de **centros de difícil desempeño** no sentido de actualizar no anexo todos os centros que deban ter ese recoñecemento.

Instamos igualmente á Consellaría a que na redacción que se lle dea a modificación da Orde se indique que a relación de centros se actualizará automaticamente cando un novo centro cumpra os requisitos da norma, dando publicidade a esa nova relación no portal educativo da Consellaría con ocasión da apertura do prazo do concurso de traslados.

Un saúdo,

Compostela, venres 01 setembro 2017

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 127283 / RX 2221944

Data 11/09/2017 10:57:08



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS. CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN.